

HISTÓRICO DE TAXAS MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN LINGÜÍSTICA APLICADA (UDC, USC, UVIGO)

MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN LINGÜÍSTICA APLICADA																
Taxas	Memoria (propostas)	2013-2014					2014-2015					2015-2016				
		UDC	USC	UVigo	Media	Ponde-rada	UDC	USC	UVigo	Media	Ponde-rada	UDC	USC	UVigo	Media	Ponde-rada
De éxito	-	98,20%	98,96%	100%	99,05%	98,99%	98,20%	97,74%	100%	98,65%	98,34%	100%	98,53%	99%	99,18	98,85%
De rendimento	80%	68,99%	79,17%	96,08%	81,41%	79,28%	76,40%	80,84%	70,68%	75,97%	76,18%	97,1%	90,57%	78%	88,56	88,30%
De eficiencia	80%	100%	100%	96,77%	98,92%		96%	98,36%	100%	98,12%		88,9%	99,06	100%	96,1	96,84
De graduación	70%	-	-	60%	-	-	71,4%	58,33%	40%	56,58%	56%	100%	66,67	80%	82,22%	60%
De abandono	20%	-	-	0%	-	-	0%	8,33%	0%	2,78%	8,33	33,3%	11,11%	0%	14,8%	18,18%
De avaliación	-	70%	80%	96%	82%	80,08%	77,86%	82,71%	65%	75,19%	77,47%	97%	91,92%	79%	89,31%	89,32%

MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN LINGÜÍSTICA APLICADA													
Taxas	Memoria (propostas)	2016-2017				2017-2018				2018-2019			
		UDC	USC	UVigo	Media	UDC	USC	UVigo	Media	UDC	USC	UVigo	Media
De éxito	-	100%	99,2%	100%	99,72%	100%	98,11%	93%	97,03%				
De rendimento	80%	68,5%	90,7%	78%	79,06%	93,2%	90,56%	72%	85,25%				
De eficiencia	80%	100%	95,7%	100%	98,57%	95,2%	96,77%	93%	95%				
De graduación*	70%	50,0%	78,6%	50%	59,5%	100%	75%	62,50%	79,1%				
De abandono	20%	14,3%	7,1	7,14%	9,51%	0%	0%	8,92%	2,97%				
De avaliación	-	69%	91,5%	91,47%	83,99%	93%	92,27%	93%	92,33%				

(*)A taxa calculada nun curso académico correspóndese co curso anterior do mestrado.



ANÁLISE E SEGUIMENTO DOS INDICADORES. Cursos 2013/2014 - 2017/2018

Na memoria de verificación do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada (MILA) recóllanse unicamente proxeccións para as **taxas de graduación** (70 %), **de abandono** (20 %), **de eficiencia** (80 %) e **de rendemento** (80 %). Alén destas, no SGIC tamén se contemplan as **taxas de éxito** e **de avaliación**, para as cales debemos ter en conta a desviación inferior e superior destas e a respecto da titulación, segundo o establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster da Universidade da Coruña". Así pois, á vista dos datos xerais que figuran no PC11-Anexo02, reflexionamos a seguir sobre a evolución de cada un destes indicadores:

-**Taxa de éxito:** no xeral, presenta unha media de entre o 97 % e o 100 % no conxunto das tres universidades, cunha tendencia crecente á alza desde o 98 % até chegar ao 99,72 % no curso 2016/2017. Con todo, no curso 2017/2018 encontramos un ínfimo descenso na taxa de éxito, cun valor medio do 97,03 %, cuxo decrecemento reside na Universidade de Vigo cun 93 %. Sexa como for, as medias para esta taxa no curso 2017/2018 son máis que satisfactorias e non se rexistran desviacións. Así mesmo, atendendo aos datos individuais de cada unha das materias conforme as "Normas de avaliación...", case todas as materias se achegan á media, coa excepción dalgunhas que se sitúan no límite do 20 % de desviación da media da titulación (na USC, o TFM cun 75 %; en UVigo, Lingüística de corpus e adquisición de lingua cun 75 %), polo que non se consideran accións necesarias, xa que ademais estas teñen un número de matriculados inferior a 8 alumnos, salvo no TFM da USC.

▪ **Taxa de rendemento:** está por riba dos prognósticos establecidos na memoria (80%), cunha tendencia ao aumento. A diminución da taxa de rendemento no curso 2014/2015 (75,97 %) iniciou a recuperación no curso 2015/2016 (88,56 %); non obstante, no curso seguinte retrocedeu até os valores marcados na memoria (79,06 %), se ben no curso 2017/2018 voltou a se situar no 85 %, cun acusado descenso ata o 72 % na UVigo, fronte ao 93,2 % na UDC e ao 90,56 % na USC. No caso da UVigo este descenso vén motivado polo abandono de tres alumnos xordos antes dos exames do primeiro cuadrimestre –polo difícil seguimento das aulas, das lecturas en inglés etc.–, das alumnas chinesas e dunha alumna con materias suspensas, feito que provoca que esta taxa se dispare moi timidamente. Non obstante, debe terse en conta que cando o número de alumnos nunha materia é moi baixo (como no casos dos mestrados), calquera taxa pode ser obxecto de gran desviación, a cal unicamente está motivada por un único alumno. En calquera caso, os datos son moi positivos.

▪ **Taxa de eficiencia:** está moi por encima dos prognósticos fixados na memoria de verificación (80 %), cunha oscilación media de entre o 95 % e o 98 % ao longo dos cursos académicos. Neste sentido, nos catro primeiros anos do mestrado sitúase en torno ao 98 % (co 100 % en varias ocasións), cunha baixada ao 96 % no curso 15/16. Este mínimo descenso volta a darse no curso 2017/2018 cunha porcentaxe media do 95 %.

▪ **Taxa de graduación:** para 2017/2018 (cuxos valores se corresponden co curso 2016/2017) esta taxa experimentou un incremento notábel a respecto do ano anterior, situándose no 79,1 % de media entre as tres universidades e superando o valor proposto na memoria de verificación (70 %). Este aumento reflíctese individualmente tanto na UDC, na cal do 50 % se chega ao 100 %, e na UVigo, onde se incrementa en 12 puntos (do 50 % ao 62,5 %). Recupérase, por tanto, a tendencia á mellora desta taxa que se rexistraba no ano 2015/2016 (82,22 %). Porén, convén estar atentos da evolución da taxa e velar no xeral polo seu mantemento por encima dos valores da memoria.



▪ **Taxa de abandono:** apréciase unha forte tendencia á baixa desde o curso 2015/2016, voltando no curso 2017/2018 a alcanzar o valor mínimo rexistrado desde o curso 2014/2015. Así, esta taxa evoluciona desde o 2015/2016 cunha media de 14,08 % (sempre por debaixo do 20 % indicado na memoria de verificación) para comezar a descender no curso seguinte até o 9,51 % e até decrecer 2,97 % de media entre as tres universidades, acadando resultados de 0 % nas universidades da Coruña e de Santiago para o ano 2017/2018 (e que se corresponden co curso académico 2015/2016). Xa que logo, os resultados son sumamente positivos e non se contemplan medidas correctoras, a pesar do incremento da taxa de abandono na Universidade de Vigo, debido como dixemos á desistencia de matrícula dos alumnos xordos (dous abandonaron antes dos exames do 1C e outro non chegou a comezar o curso).

▪ **Taxa de avaliación:** no conxunto total do máster esta taxa sitúase por encima do 80 % e apréciase un forte crecemento no curso 2017/2018 a respecto do anterior, pois a taxa de avaliación sobe oito puntos, do 83,99 % ao 92,75 %. Este incremento responde á mellora na relación porcentual de créditos matriculados e créditos presentados a exame na UDC, que presentaba resultados baixos e inferiores á USC e UVigo no ano anterior. Por tanto, os resultados son óptimos.

Alén disto, e dado que non hai proxeccións na memoria de verificación para esta taxa, podemos completar a análise co disposto nas “Normas de avaliación...” no referido ás desviacións inferior e superior da taxa e a respecto da titulación. Neste sentido, no curso 2017/2018 existe unha desviación de máis do 20 % na relación de Alumnos Presentados/Matriculados nas seguintes materias: en Estratexias e Métodos de Ensino e Aprendizaxe da UVigo (71 %) e no Traballo de Fin de Máster das tres universidades (UDC 66,67 %; USC: 47,06 %; UVigo: 67 %).

No xeral conclúese que tal desviación no TFM se xustifica pola existencia de alumnado de cursos anteriores con esta materia pendente, pois por exemplo no caso da UDC e UVigo habería un índice do 100 % na taxa de avaliación no alumnado de primeira matrícula. Neste sentido, como se reflexionou en informes anteriores, é preciso entender que o alumnado que fica pendente de presentar o traballo tutelado non o puido presentar ben por circunstancias profesionais ou ben pola oferta de prazas de profesorado no ensino secundario que se activou recentemente nos últimos anos. A este respecto, cómpre lembrar que este mestrado non habilita para competencias profesionais e a saída principal dos nosos egresados é a docencia no ensino. Alén disto, tamén compre sinalar que certo alumnado estranxeiro, como o de procedencia chinesa, por veces precisa dun tempo extraordinario para finalizar os seus estudos, como consecuencia da súa menor competencia lingüística.

Sexa como for, os coordinadores do mestrado solicitaron aos directores/as de TFM (de alumnado de segunda matrícula ou posterior) que se impliquen máis na finalización deses traballos para que o alumnado os poida presentar. Como mostra disto, é necesario sinalar que na UDC na convocatoria extraordinaria de febreiro de 2019 xa foi defendido e aprobado un dos TFM pendentes, 2 na USC e 1 na UVigo.

* * *

No curso 2016/2017 levouse a cabo a renovación da acreditación do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada (MILA) que se imparte nas tres universidades galegas: Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo. O título foi acreditado e o informe emitido pola ACSUG foi favorábel.

Taxa de éxito

Relación porcentual entre o número de créditos superados polos/as alumnos/as matriculados/as nun título nun curso académico X entre o número de créditos presentados a exame polo total do alumnado matriculado no título nese curso académico X.

Obtención:

Divídese o número total de créditos superados polo alumnado matriculado nun título nun curso académico X entre o número total de créditos presentados a exame polo total do alumnado matriculado nese título nese mesmo curso académico X por cen.

Taxa de rendemento

Para un curso académico X, relación porcentual entre o número de créditos ordinarios superados no título T na Universidade U e o número total de créditos ordinarios matriculados no título T na Universidade U.

Obtención:

$(\sum N.^{\circ} \text{ de créditos ordinarios superados no título T na Universidade U no curso académico X} / \sum N.^{\circ} \text{ de créditos ordinarios matriculados no título T na Universidade U no curso académico X}) * 100.$

Taxa de eficiencia

Relación porcentual entre o número total de créditos en que deberon matricularse os estudantes graduados dunha cohorte de graduación G para superaren o título T na Universidade U e o total de créditos en que efectivamente se matricularon os estudantes graduados dunha cohorte de graduación G nun título T na Universidade U.

Obtención:

$(\sum N.^{\circ} \text{ de créditos que deberían ser matriculados nun título T nunha Universidade U pola cohorte de graduación G} / \sum N.^{\circ} \text{ de créditos efectivamente matriculados nun título T nunha Universidade U pola cohorte de graduación G}) * 100.$

Taxa de graduación

Relación porcentual entre o estudiantado dunha cohorte de entrada C que superan, no tempo previsto máis un ano, os créditos conducentes ao título e o total dos estudantes de novo ingreso da mesma cohorte C.

Obtención:

$(N.^{\circ} \text{ de estudantes dunha cohorte de entrada C que conseguen finalizar o título no tempo previsto} + 1 \text{ ano} / N.^{\circ} \text{ de estudantes de novo ingreso da cohorte de entrada C}) * 100.$

Taxa de abandono

Relación porcentual entre o estudiantado dunha cohorte de entrada C matriculados no curso académico X que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2 e o número total de estudantes da cohorte que accederon no curso académico X.

Obtención:

$(N.^{\circ} \text{ de estudantes de novo ingreso no curso X e que non están matriculados no título nos cursos X+1 e X+2} / N.^{\circ} \text{ de estudantes de novo ingreso no curso X}) * 100.$